

**RESOLUCIÓN 11/11 DA DIRECCIÓN XERENCIA DE REDES DE
TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A. POLA QUE SE PROcede Á
MODIFICACIÓN E ACLARACIÓN DO PROCEDIMENTO ESTABLECIDO PARA
A CONSTITUCIÓN E XESTIÓN DA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL**

Por Resolución 4/06, do 22 de xuño de 2006, da dirección xerencia de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., regulouse a constitución e funcionamento das bolsas de emprego temporal e convocáronse as correspondentes ás categorías de Oficial de Comunicacións e condutor - operador de ETT.

Por Resolución 10/08, do 29 de maio de 2009, da dirección xerencia de Redes De Telecomunicación Galegas, Retegal, S.A., convocouse a bolsa de emprego laboral temporal para a categoría de Oficial de Comunicacións.

Non obstante a regulación citada, formúlanse algunas dúbidas en relación ao procedemento a seguir na xestión das listas vixentes derivadas do último proceso selectivo realizado ao efecto.

De acordo co exposto, en reunión da Comisión Paritaria do día 13 de maio de 2011, coa finalidade de modificar e aclarar o procedemento establecido no ano 2006, acordouse a determinación do seguinte:

PROCEDIMENTO DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN

Primeiro.- Baremación méritos: Puntuaranse de oficio os méritos que se relacionan:

- Os servizos prestados no mesmo grupo, corpo escala e categoría.
- Os exercicios superados no último proceso selectivo, se o houbera, para o mesmo grupo, corpo escala ou categoría de Retegal.
- Os chamamentos atendidos e finalizados sen renuncia.

1.1.- Baremo.

O baremo aplicable para a elaboración das listas será o seguinte:

- a) A suma das notas das probas superadas no último proceso selectivo de Retegal para o grupo, escala, especialidade ou categoría na que se solicita a inscrición na lista ata a ponderación de 40 puntos segundo a seguinte fórmula: suma das notas obtidas nas probas do proceso selectivo multiplicado por 40 e dividido entre a suma das notas máximas posible das probas do proceso selectivo.

A puntuación desta epígrafe porase de oficio a cero con motivo da resolución dun novo proceso selectivo para o mesmo grupo, escala, especialidade ou categoría da lista na que

se encontre inscrito a/o interesada/o, incluíndose, así mesmo, de oficio e, de ser o caso, a nova puntuación.

Entenderase resolto un proceso selectivo á publicación do resultado do acto de elección de destino do persoal de novo ingreso.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en Retegal na mesma categoría, corpo ou escala: 0,15 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

c) Por cada chamamento pola mesma lista, aceptado e rematado sen renuncia ao desempeño do posto: 0,2 puntos, ata un máximo de 3 puntos.

En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o día 31 de decembro inmediato anterior.

1.2.- Desempate.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o de sexo masculino, cando na categoría, corpo ou escala se dean as condicións de infrarrepresentación previstas no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

2. Puntuación pola orde das letras do baremo.

3. Solicitante de maior idade.

Segundo.- Actualización de méritos: Os méritos por servizos prestados e chamamentos atendidos serán obxecto de actualización no mes de **febreiro** de cada ano, publicándose unha resolución provisional en Retegal na que se establecerá un prazo de dez días hábiles para presentar reclamacións.

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a lista definitiva en Retegal e o interesado terá un prazo dun mes dende a publicación para presentar o recurso de alzada.

Terceiro.- Cambio de datos persoais:

O persoal inscrito nas listas poderá solicitar o cambio dos seus datos persoais en calquera momento, facéndose efectivo aos 15 días naturais dende a súa presentación.

Cuarto.-Suspensión dos chamamentos.

Os integrantes das listas que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión de chamamentos para non ser citados.

Esta solicitude é irrenunciable.

Producirá efectos aos **TRES DÍAS** da súa presentación no rexistro de Retegal.

A suspensión poderá solicitarse **por períodos de 2, 6 ou 12 meses**.

Calquera citación recibida antes de ser efectiva a suspensión deberá ser atendida polo interesado xa que en caso contrario quedará excluído da lista.

Se un integrante das listas non acude a un chamamento ou renuncia a este, quedará excluído da lista por un ano, podendo presentar reclamación ante a Dirección Xerencia.

Non obstante o anterior, o interesado poderá rexeitar un chamamento no suposto de que o centro de traballo estea a unha distancia de 50 km ou superior do seu domicilio. Neste caso, non se volverán producir chamamentos para o referido centro en tanto en canto o interesado non o solicite por escrito a Retegal. Se se realiza a solicitude, non se volverá a aceptar outro rexeitamento por razón de distancia durante o período de un ano a contar dende o día seguinte á data da solicitude.

4.1. De oficio.

A aceptación dun chamamento para unha categoría, corpo, escala ou especialidade suporá a suspensión dos chamamentos tanto para outros ámbitos da mesma lista como para listas correspondentes a outras categorías, corpos, escalas ou especialidades, coas excepcións que a seguir se indican:

- a) Os integrantes dunha lista que se atopen en situación de suspensión por estaren prestando servizos nunha praza non vacante serán chamados para a cobertura de vacantes da mesma categoría, corpo, escala ou especialidade por unha soa vez.

Para os efectos deste procedemento entenderase por **praza vacante** aquela que careza de titular, excepto as prazas de persoal laboral con xornada igual ou inferior a media xornada en cómputo semanal.

4.2. Por solicitude do/a interesado/a.

Os integrantes das listas que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada no modelo normalizado

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións en todas as listas en que estea inscrito o solicitante, se as houbera. Os seus efectos produciranse desde o TERCEIRO DÍA natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro de Retegal. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de **dous, seis ou doce meses** computados desde a data de efectos da suspensión.

Quinto.- Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente.

Sexto.-Situación nas listas.

1. Os integrantes das listas non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ata que se xere o dereito á prestación de desemprego, de tal maneira que se a contratación ou nomeamento para a que son chamados ten unha duración inferior, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2. Rematada a contratación ou o nomeamento, a/o interesada/o pasará a ocupar o último lugar na lista durante catro meses se xerou o dereito á prestación de desemprego. Finalizado o devandito período volverá automaticamente ao lugar da lista que, de acordo coa súa puntuación, lle corresponda.

3. Os integrantes das listas que, sendo convocados para facer efectiva a contratación segundo o disposto no apartado Quinto, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, agás que fose para atender outro chamamento para unha vacante.

4. A renuncia a formar parte dunha lista suporá que non terá efectos unha nova solicitude de admisión nesa lista, ata transcorrido o prazo dun ano desde a data da renuncia.

Esta Resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación

En Santiago de Compostela, a 9 de xuño de 2011


José Ángel Abeal Riveiros
Director Xerente